




Galería de las Colecciones Reales

Galego



A Galería das Coleccións Reais convida a unha viaxe extraordinaria: un percorrido por cinco séculos de arte e cultura nun edificio excepcional. Un patrimonio de todos que se abre ao público para mostrar unha selección das súas mellores pezas: pinturas, esculturas, armaduras, tapices, artes decorativas ou carrozas. Obras asinadas por mestres da altura de El Greco, Caravaggio, Velázquez, Goya, Bernini, Kolman Helmschmid ou Canops.

O edificio que alberga a colección —proxectado por Tuñón e Mansilla— recibiu dez premios de arquitectura. A súa sobriedade e aparente sinxeleza contrasta, complementa e resalta o seu extraordinario contido.


Esta galería é unha fiestra aberta cara a todos os Reais Sitios, como El Escorial, Aranjuez, La Granja, Yuste, Descalzas Reais... entre outros moitos que xestionamos en Patrimonio Nacional e, tamén, mostra os traballos de investigación, restauración, conservación e difusión que realizamos.

O percorrido é descendente, a través de ramplas con diversos audiovisuais que axudan a contextualizar as coleccións.

Na planta -1, dedicada aos Austrias, o itinerario comeza co final da dinastía dos Trastámara e pon de relevo os Reis Católicos como iniciadores do coleccionismo real. De entre os diferentes reinados, destaca a actividade de mecenado e promotora de Felipe II, con proxectos tan emblemáticos como El Escorial. Ademais, neste andar hai unha fiestra privilexiada á orixe de Madrid: os restos da muralla do século IX.

A planta -2, dedicada aos Borbóns, aborda diferentes temas, como a música, as manufacturas e as reais fábricas ou a construción dos palacios reais de Madrid e de La Granja. O final do percorrido explica o papel de Patrimonio Nacional como xestor deste inmenso acervo cultural.

A planta -3 concíbese como un espazo expositivo máis dinámico onde O Cubo convida a mergullarse nos espazos arquitectónicos e naturais de Patrimonio Nacional, nunha experiencia suxestiva e atractiva. Finalmente, a ampla sala de exposicións temporais acolle diferentes exhibicións.



Planta + 1

Sala polivalente
Auditorio

Planta 0

- Ascensor
- Aseos
- Cafetería
- Cambiador
- Consigna
- Gardarroupa
- Sala de lactación
- Tenda
- Venta de entradas

Planta -1

AUSTRIAS

- A1 Galería das Coleccións Reais
- A2 Dos Trastámaras á Casa de Austria
- A3 Carlos V
- A4 Felipe II
- A5 Felipe III
- A6 Padroados femininos
- A7 Felipe IV
- A8 Carlos II

Planta -2

BORBÓNS

- B1 Felipe V
- B2 Fernando VI
- B3 Carlos III
- B4 Gabinete musical
- B5 Carlos IV
- B6 Fernando VII
- B7 Isabel II
- B8 A restauración monárquica
- B9 Patrimonio no cambio de século
- B10 De Patrimonio da República a Patrimonio Nacional
- B11 Patrimonio Nacional, hoxe
- B12 Patrimonio de todos

Planta -3

C O Cubo
Exposicións temporais



[1]



[2]



[3]



[4]



[5]



[6]



[7]



[8]



[9]



[10]

Planta -1 AUSTRIAS

[1] *Nacemento de Cristo* (detalle), Mestre dos Panos de Ouro e Pierre d'Enghien
Ámbito Dos Trastámaras á Casa de Austria

[2] *A aparición de Cristo a María Magdalena*, Políptico de Isabel a Católica, Xoán de Flandres. Ámbito Dos Trastámaras á Casa de Austria

[3] *Arnés de Mühlberg*, Desiderius Helmschmid. Ámbito Carlos V

[4] *Reloxo «O Candil»*, Hans de Evalo. Ámbito Felipe II

[5] *O carro de feo – Tribulacións da vida humana* (detalle), inspirada na obra de El Bosco sobre cartóns de Pieter Brueghel o Vello. Ámbito Felipe II

[6] *A Adoración do Nome de Xesús – Alegoría da Santa Liga* (detalle), El Greco. Ámbito Felipe II

[7] *Felipe III de busto*, Juan Pantoja de la Cruz. Ámbito Felipe III

[8] *Salomé coa cabeza do Bautista*, Michelangelo Merisi da Caravaggio. Ámbito Felipe IV

[9] *Cabalo branco*, Diego de Silva y Velázquez. Ámbito Felipe IV

[10] *O arcanxo san Miguel a vencer o demo*, Luisa Roldán. Ámbito Carlos II



[1]



[2]



[3]



[4]



[5]



[6]



[7]



[8]



[9]



[10]

Planta -2 BORBÓNS

[1] Arrefriador «Peixes» (detalle).
Manufactura chinesa. Ámbito Felipe V

[2] Olimpia, rainha de Macedonia,
Desiderio da Settignano. Ámbito Felipe V

[3] Manto da Orde de Carlos III (detalle).
Manufactura española. Primeiro
terzo do século XX. Ámbito Carlos III

[4] A Tarde ou Héspero (detalle), Anton
Raphael Mengs. Ámbito Carlos III

[5] Cómoda, Mattia Gasparini,
José Canops e Antonio
Vendetti. Ámbito Carlos III

[6] Carlos IV en uniforme de coronel das
Reais Gardas de Corps, Francisco de
Goya y Lucientes. Ámbito Carlos IV

[7] Cadeira de brazos do Dosel da rainha María Luísa
de Parma, Manuel Muñoz de Ugena, Domingo Gómez
de los Ríos, Lorenzo Moreno, Ramón Melero, Juan
Caraltó, Fábrica de Iranzo e José López. Ámbito Carlos IV

[8] Código Trujillo del Perú (detalle), Baltasar
Jaime Martínez Compañón. Ámbito Carlos IV

[9] Coche da Coroa Real, Julián
González. Ámbito Fernando VII

[10] Coroa da Virxe de Atocha,
Narciso Soria. Ámbito Isabel II

GALERÍA DAS COLECCIÓN REAIS

Rúa Bailén s/n – Onda o miradoiro, entre o Palacio
Real e a Catedral da Almudena

info@patrimonionacional.es

www.patrimonionacional.es

www.galeriadelascoleccionesreales.es

ACCESOS

- Praza da Armería
- Cuesta de la Vega: visita en grupos concertados
e exposicións temporais

HORARIOS

De luns a sábado de 10 a 20 h

Domingos e festivos de 10 a 19 h

Acceso ata 45 minutos antes do peche

Desaloxo das salas 15 minutos antes do peche

Pechado: 1 e 6 de xaneiro, 1 de maio e 25 de decembro

COMO CHEGAR

Metro: Ópera, Príncipe Pío e Plaza de España

Autobuses: liñas 133, 146, 147, 148 e 573

Tren de proximidade: Príncipe Pío

Aparcadoiro público: Praza de Oriente



Síguenos en



PATRIMONIO
NACIONAL